



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Abril 2017 • Nº 211



NOVAS XESTIÓNS NO CONCELLO

■ Continuando co ánimo de facilitar as xestións á veciñanza de Vedra, dende este mes poderán realizarse nas oficinas municipais as seguintes xestión de Tráfico:

- Cambio de domicilio no permiso de conducir.
- Cambio de domicilio no permiso de circulación (determina o concello polo cal se pagará o imposto de IVTM).

Podes informarte no teléfono xeral do concello 981 814 612

PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ Segundo o disposto na *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* e as súas modificacións na *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, as persoas propietarias de parcelas teñen as seguintes OBRIGAS:

- Xestionar toda a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais ao solo urbano, de núcleo rural, así como de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 m. do monte.
- Retirar aqueles eucaliptos, piñeiros, acacias, mimosas e demais especies recollidas na D.A. III da Lei de incendios que se atopen a menos de 30 metros dos solos e edificacións citadas no parágrafo anterior.

ESTES TRABALLOS DE LIMPEZA DEBERÁN SER REALIZADOS ANTES DO 30 DE XUÑO.

Recordamos que este concello está considerado pola Xunta de Galicia como zona de alto risco de incendio polo que a aplicación destas medidas debe ser moito máis rigorosa e o seu incumplimento conlevará a aplicación de multas coercitivas aos titulares das parcelas e, de ser o caso, a instrución do correspondente procedemento sancionador.



ABRIL

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

AXENDA PARA O MES DE ABRIL

NA CULTURA...

- Proxección do documental "Vida, máis ca vida" o sábado 22 de abril.

NA FORMACIÓN...

- Comeza o último trimestre dos cursos de informática. Aínda podes inscribirte no teléfono 981 814 691.

NA TERCEIRA IDADE...

- Circuito Termal nas Termas de Outariz 19 de abril.
- Bingo o 20 de abril ás 20:00 h.
- Festa da Pascua o domingo 23 de abril.
- Excursión a Medina de Rioseco, Valladolid, Dueñas, Palencia, Toro... os días 27, 28, 29 e 30 de abril.

NA XUVENTUDE...

- Abertos prazos de inscrición para os cursos de monitor/a de tempo libre e recursos para a educación ambiental.

AXENDA FESTEIRA

- O domingo 9 de abril XXXVII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA en San Miguel de Sarandón.
- O sábado 22 de abril Festa na honra a San Antonio en Vilanova.
- O domingo 30 da abril Festa da Xuventude, en Ponte Ulla.

... E EN MAIO ...

- O 1 de maio Festa de San Xosé Obreiro en Ponte Ulla.
- O 7 de maio Festa da Orella en San Fins.
- O 14 de maio Festa do Pulpo en Vedra.



Unhas das sesións dos obradoiros "Contos plantados" que percorreron todos os centros educativos de Vedra.-



Obradoiro de "radioteatro".



Visita ao concello do proxecto de innovación educativa, no que participa o CPI de Vedra.

ÚLTIMAS ACTIVIDADES DA PROGRAMACIÓN DAS XXII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA



Momento na homenaxe a Xesús Barral "O señor das camelias".



Roteiro entre Camelias... Un percorrido diferente polos muíños de Vedra e coa camelia como anfitriña.

ASÍ FOI... NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS



Visitas teatralizadas no Pazo de Ortigueira de Santa Cruz de Ribadulla da man da Asociación Papaventos.



Un dos obradoiros de "Iguamente Formándonos" da Asociación Berenguela.



Foto de grupo nunha das representacións de Teatrofilia 2017.



Unha das obras representadas no Teatrofilia 2017.

De Interese

CONTINUÁN A CHEGAR OS RESULTADOS DA CAMPAÑA EMPADRÓATE EN VEDRA. MANTEÑAMOS OS 5000 !!!

■ O ano pasado realizouse unha campaña de empadramento para intentar manter a cifra do padrón de habitantes, cuns resultados moi positivos.

Nestes primeiros meses de ano estamos recibindo resposta de moitas persoas das visitadas, que aínda que nese momento non se podían empadroar, as circunstancias actuais si que lles permite formalizar o

empadramento e así o están a facer.

Por todo iso novamente queremos agradecer a colaboración cidadá para intentar non perder a categoría deste concello ao tempo que animamos a todo o mundo para que se empadroe.





EN LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ Conscientes da problemática existente e debido ás dificultades que supoñía ter que depender doutras administracións, neste caso da Xunta de Galicia e do GES de A Estrada para o tratamento e retirada dos niños, o Concello de Vedra decidiu adherirse ao “Convenio para a loita contra a Vespa Velutina” e desta maneira poder tratar e retirar os niños con medios propios e persoal voluntario, tanto de Protección Civil coma Apicultores do Concello de Vedra.

O concello conta con medios propios coma, traxes específicos, unha pértega de 30 metros, e un camión con cesta para poder chegar aos niños que se atopan en árbores a máis de 30 metros de altura.

No que levamos de ano, tratáronse 21 niños de Vespa Velutina nas distintas parroquias do concello e a día de hoxe están tratados e inactivos todos os niños localizados polos veciños de Vedra. Neste sentido temos que **destacar a importancia da colaboración veciñal na detección dos niños, algo fundamental para poder eliminalos e frear o avance da Vespa Asiática.**

A loita contra a Velutina líbrase, polo momento, tratando de capturar ás raíñas e tamén desactivando os seus niños. Precisamente durante estas semanas colocáronse 40 trampas repartidas por todas as parroquias do concello, ás cales hai que facerlle unha renovación do atraínte cada 2 semanas aprox. Este é o mellor momento para capturar as raíñas, porque están a despertar e comezando a crear o seu niño primario, sobre todo en alpendres ou galpóns que son accesibles e a poñer os ovos que darán lugar á colonia. Dende que a Xunta de Galicia asumiu a coordinación da retirada dos niños de Vespa Velutina, **cada vez que se detecte un niño de Vespa Asiática deberá chamarse ao 012 ou ao 112.** Desde ese teléfono, a Xunta de-



terminará quen retira o niño: se o concello, no caso de que dispoña de equipo e persoal; ou persoal da Xunta de Galicia. Xeralmente en Vedra é o concello, deste xeito, cando se produza unha chamada de alerta de niños, automaticamente enviarase ao persoal responsable para facer a comprobación da súa existencia, e ademais da eliminación dos niños, o equipo tamén será o responsable de recoller os datos e de incluílos nunha nova aplicación creada pola Xunta de Galicia para tal fin. Así, centralizase tamén a recollida de información de todas as actuacións realizadas por cada unidade, o que será de gran utilidade para observar a evolución desta especie.

LISTADO DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA DETECTADOS NO CONCELLO DE VEDRA

En San Xián de Sales	6 niños tratados
En San Fins de Sales	3 niños tratados
En San Pedro de Sarandón	1 niño tratado
En Merín	2 niños tratados
En Vedra	4 niños tratados
En San Miguel de Sarandón	2 niños tratados
En Ponte Ulla	3 niños tratados

ANTENAS DE 4G E PROBLEMAS COA TDT

■ En relación coas ampliacións de cobertura de 4G no termo municipal, recordámoslle a toda a veciñanza que no caso de detectar problemas coa recepción da TDT deberán comunicarse co CAU no teléfono 900 833 999 para que realicen as comprobacións oportunas e, de ser o caso, envíen o servizo técnico ao seu domicilio. Todo traballo que se realice por parte deste servizo para recuperar o si-

nal de TDT será totalmente gratuíto.

É importante sinalar que este servizo técnico só será para o caso no que os fallos de TDT sexan debidos ás obras para ampliación do 4G e non para avarías en xeral.

Máis información no 981 814 612 e na páxina web www.llega800.es.

llega
800

PROYECCIÓN “VIDA, MÁIS CA VIDA”

O 22 de abril no Centro Social

■ Vedra recibe esta iniciativa proposta dende a Deputación da Coruña que presenta dúas obras de Rubén Riós.

Trátase dunha acción que mestura o mundo audiovisual coa realidade social e cultural, nado para romper barreiras e estereotipos.

Este proxecto supuxo un ano de ensaios co director do proxecto, Rubén Riós, ao carón dun colectivo de mozas e mozos con capacidades diferentes e con infinitas ganas de amosar ao mundo o que son capaces de facer. O traballo en equipo, o afán de superación, a solidariedade, o esforzo, a admiración..., son algúns dos valores que poderemos apreciar neste proxecto.

Que te atoparás?...

- **O documental *Máis ca vida*:** recolle os testemuños reais do día a día do mundo que rodea a estas persoas con diversidade funcional. Duración: 50 minutos.
- **A curtametraxe *Vida*:** unha mestura de arte, entretemento e comunicación que se converte na primeira experiencia audiovisual realizada por este colectivo, entrelazado cun elenco artístico de primeira categoría como Javier Gutiérrez, Cristina Castaño, Mariana Carballal, Estíbaliz Veiga, María Mera e Luis Iglesias, entre outros.



E despois de ver ambas obras haberá unha charla co director e os protagonistas da curtametraxe.

VEDRA... EN MAIO MÁIS CULTURAL CA NUNCA!!

■ Coma cada ano arredor da celebración do Día das Letras Galegas o Concello de Vedra desenvolverá a seguinte programación cultural...

EXPOSICIÓN DEDICADA A CARLOS CASARES NA BIBLIOTECA DE VEDRA:

Con motivo da celebración das Letras Galegas dedicadas este ano ao escritor Carlos Casares, Vedra acollerá a exposición: “AS CARAS DOS LIBROS”

- Lugar: Biblioteca Municipal de Vedra.
- Calendario : do 5 ao 12 de maio.

ACCIÓNS DE ANIMACIÓN Á LECTURA, a través do programa da Rede de Bibliotecas de Galicia:

Venres 12 de maio ás 18:30 h. na Biblioteca Municipal de Vedra

“Comechíns, segundo prato” unha actividade na que nos mergullaremos nun mundo imaxinario, no que as cativas e os cativos descubrirán como a lectura pode abrir o apetito... e sobre todo que cousas convén comer para saciar ese apetito!!

Martes 16 de maio ás 17:30 h. na Biblioteca Municipal de Vedra

“Contos de Medo que deixan durmir” unha acción coa que aprenderemos a afrontar o medo, a rirnos del, a sacarlle proveito e a convertelo nunha porta cara un mundo cheo de aventuras e fantasía.



CONCERTO POLAS LETRAS GALEGAS

O domingo 21 de maio no Centro Sociocultural de Vedra.

Hora: 20:00 h.

Coa actuación do grupo folk "Ascuas".

Educación

VEDRA MEDRA

*Cando a rula a rular,
colle-lo cesto e ir sementar.*

■ Para o mes de abril temos previsto traballar coas lendas.

Abriremos unha sección, **Vedra de lenda**, na que o alumnado de 1.º de ESO participará ilustrando as lendas locais de máis sona: a da Raíña Lupa e O Pico Sacro, a da grade de ouro e de bronce e a do paso de San Xoán da Cova.

E ao par, o profesorado de distintos departamentos de linguas (Francés, Inglés, Lingua Castelá e Lingua Galega) colaborarán facendo versións dos textos iniciais en galego.

O noso obxectivo é editar un libro plurilingüe de lendas con imaxes elaboradas polos rapaces baixo a dirección da profesora de Educación Plástica.

Seguiremos como vén sendo habitual coas **visitas á contorna**. Este mes sairá 3.º ESO ao Pazo de Sta. Cruz, igrexas de S. Mamede e de Ponte Ulla. Combinaremos nesta ruta o achegamento ao patrimonio material da man do Departamento de Historia, sen esquecer de camiño o patrimonio inmaterial, eixe do noso proxecto.

Temos previstas tamén varias saídas con educación primaria (2.º, 3.º, 4.º curso) á Área de interpretación dos muíños do río Merín.

O alumnado de ESO que participa nos **OBRADOIROS DE PATRIMONIO** retomar a clase o 17 de abril ata o 4 de maio.

Os martes e os xoves entre 17.00 e 18.30 asisten den- de febreiro a un obradoiro que se imparte no CPI de

xornadas «VESTINDO arredor do liño o patrimonio vedrés»

28 marzo

15:30 - 16:45 h

"O fiadeiro: contar e cantar"

- Presentación (X. Marqués)
- Intervención do alumnado
- "A cultura tradicional do liño: o refraneiro"
- Visita guiada á exposición (M. Vilas)
- Mesa de experiencias (Encontro de maiores de Vedra e a rapazada)
- Actuación das pandeiradeiras Silandeira (S. Xán de Sales)

ASISTENCIA PROGRAMADA

30 marzo

15:30 - 16:45 h

"Cal fiamos, tal andamos"

- Actuación da Asociación Cultural Tamparrantán de Santo André de Vea (A Estrada)

EXPOSICIÓN DE
ÚTILES
TRADICIONAIS

CENTRO SOCIAL
DE VEDRA

ALUMNADO DE ESO



Organizan:



Colabora:



Vedra como actividade complementaria e de balde para os/as alumnos/as.

E continuaremos, así mesmo, co traballo nas aulas... Se desexan colaborar connosco ou se queren estar ao tanto do noso labor, poden seguirmos en:

<https://www.facebook.com/vedramedra/>





POSTA A PUNTO

CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

■ Este curso, homologado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ten por obxecto a formación de persoas capaces de realizar actividades socioculturais e recreativas, tanto en tempo libre urbano como na natureza.

O curso consta de dúas fases: unha fase teórico-práctica de 200 horas lectivas, e unha fase práctica, que se realizará nun prazo máximo de 2 anos dende o remate da primeira fase, e unha vez obtido o apto na mesma. A segunda fase consta dun mínimo de 12 días en campamentos, colonias, albergues, campos de traballo e outros, en bloques non inferiores a 3 días, ou de 150 horas de actividade nunha entidade ou asociación que traballe no eido da educación no tempo libre.

Requisitos:

Para poder realizar o curso é necesario:

- Ser maior de idade no momento do comezo do curso.
- Estar en posesión, como mínimo, do Graduado Escolar ou equivalente (ESO).

Datas:

- 8, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 22, 23 de abril de 2017.
- 1, 6, 17, 20, 25 e 28 de maio de 2017.
- 3, 11, 17 e 18 de xuño de 2017.

Horarios:

- De 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas.

Prezo:

- O curso ten unha cota única de inscrición de 150€.

Inscripcións:

- Na OMIX do concello de Vedra.
- Teléfono 981 814 691.
- Email: xuventude@concellodevedra.com

CURSO: RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL

■ **Programa do curso:** introdución á educación ambiental, técnicas para a educación ambiental, o xogo, a animación e a ambientación na educación ambiental, interpretación ambiental.

Nº de horas: 12.

Destinatarios/as:

- Aberto a todas as persoas interesadas

Datas e horario:

- 28 de abril de 16:00 a 20:00 h. e 29 de abril de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h.

Lugar:

- Centro Municipal de Formación (Casa da Estación do Tren de Sta. Cruz de Ribadulla) e espazos de visita e práctica.

Prezo:

- 10 € (para os/as posuidores/as do "Carné Xove" gratuito)

Inscripcións:

- Na OMIX do concello de Vedra.
- Teléfono 981 814 691.
- Email: xuventude@concellodevedra.com

Estas actividades están subvencionadas no marco do "Programa de Información e Dinamización Xuvenil Val do Ulla".



Formación

CURSOS DE INFORMÁTICA

■ En abril e maio cursos de informática:

Grupos:

- **Informática para a cativada:**


Os luns de 18:30 a 19:30 h.

- **Mecanografía con teclado:**

Os martes e xoves de 18:30 a 19:30 h.

O custe da actividade é de 10 € por persoa/curso.

Inscripcións no teléfono 981 814 691



Deporte

NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO

■ O grupo de sendeirismo chega xa a terras galegas... e continúa a súa andaina!!

Data: 22 de abril.

A Guardia – Viladesuso (percorrido aproximado de 17 km)

Inscripcións ata o 20 de abril no no teléfono 981 814 691 (en horario de 10:00 a 14:00 h)

Puntos e horario de recollida do autobús:

- 1ª Parada: 7:00 h. Mosqueiro (San Mamede)
- 2ª Parada: 7:10 h. Lestedo
- 3ª Parada: 7:15 h. Breixo
- 4ª Parada: 7:20 h. Hipercor
- 5ª Parada: 7:30 h. Estación de autobuses



Servizos Sociais

PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EDUCATIVO MUNICIPAL

■ Lembramos que está a funcionar o Punto de Información e Asesoramento Educativo Municipal, que ten como obxectivo:

- Asesoramento ao alumnado e ás súas familias sobre as posibles alternativas educativas.

Como contactar?

A través do teléfono 981 814 612 ou do correo electrónico carmen.sabio@vedra.dicoruna.es



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz.**

Mércores 19 de abril.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 8 de abril no Centro Social. As prazas e número de asento adjudícanse por orde de inscrición)

■ **Bingo**

Xoves 20 de abril ás 20:00 h.

■ **"Festa da Pascua"**

Obradoiro de doces de pascua e baile

Domingo 23 de abril ás 19:00 h.



Excursión a Vila Nova de Cerveira, Fortaleza, Tui.

■ **Excursión a Medina de Rioseco, Valladolid, Dueñas, Palencia, Toro...**

Os días 27, 28, 29 e 30 de abril

Prezo: 195 € (Inclúe: transporte, pensión completa, servizo de guía e seguro de viaxe) -

Prazas limitadas - Aberta a todas as persoas interesadas.

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 8 de abril. As prazas e número de asento adjudícanse por orde de inscrición).

PROGRAMA VEDRA, EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos menores de 3 anos do concello de Vedra. Trátase de traballar coas familias tentando:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos do entorno familiar como elementos educativos.
- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

As persoas interesadas contactar no teléfono 699 041 486 en horario de 9:00 h. a 14:00 h. ou a través do correo electrónico:

carmen.sabio@concellodevedra.com



Concello de Vedra

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PROGRAMA DE BENESTAR EN BALNEARIOS

- • Ser maior de 60 anos ou pensionista maior de 55, e neste caso, reunir a condición de pensionista da Seguridade Social (xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións).
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria.
- Non padecer enfermidades infecto-contaxiosas ou trastornos mentais ou de conduta que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da quenda.
- Tamén poden participar os fillos/as cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Estadías de 10 días, 9 noites con tratamento termal, aloxamento, manutención e animación sociocultural. **O prazo de presentación de solicitudes remata o día 17 de abril de 2017.** Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais Comunitarios os luns, xoves ou venres de 8:30 a 14:00 h.



ACTIVIDADES LUDOTECA EN ABRIL

■ O mes de abril vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremoslles @s nen@s a convivir cos outros, a ser persoas cunha mirada crítica, tendo o obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto de orientación. Trataremos de informaros sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo d@s nen@s, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementar a tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Vacacións de Semana Santa. Gran xogo: "LudoExipto".
- Xogando en valores: Contacontos.
- Experimentos divertidos: "o profesor chifrado".
- Obradoiro de papiros.
- Obradoiro Plastihistoria.
- "Mr/s. Manitas".
- Descubre e investiga: "xogos na prehistoria".
- Patrulla ambiental.
- As palabras teñen vida: Teatro.



- Supercchef.
- Taller de sombras.

O horario nas vacacións de Semana Santa será como sempre, de 8:30 h. a 14:30 h.



ESCOLA DE FAMILIAS

■ Neste mes Escola de Familias súmase á iniciativa da Deputación da Coruña, que dende o Programa Socioeducativo de prevención da violencia de xénero SUPRIME O CONTROL, que se está a desenvolver no CPI de Vedra, abordará unha temática importante para todas as familias :



PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Os obxectivos esenciais deste programa son:

- APOIAR a construción de identidades igualitarias, promovendo a adquisición de recursos persoais, e AXUDAR a identificar violencias machistas, especialmente aquelas máis sutís, ou case imperceptibles.
- FOMENTAR o pensamento crítico, procurando xerar cambios nos seus comportamentos e actitudes, así como EDUCAR en valores que faciliten o desenvolvemento persoal libre de estereotipos de xénero.

Poderán asistir todos/as aqueles/as interesados/as.

A sesión será o 25 de ABRIL, a partires das 18:30 h. no CPI de Vedra.

A sociedade construímosla todos e todas, anímate e participa!

XIV EDICIÓN TEATROFILIA COA ASOCIACIÓN PAPAVENTOS

■ En abril remata esta edición, con gran éxito de público e un talento espectacular, de Teatro Amador que a Asociación Papaventos organiza e desenvolve!!

Lembra a programación para o mes de abril!!

Sábado 1 de abril

- 17:00 h. Tarde infantil. "A volta ao mundo en 80 días" - Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra).
- "O gigante Gandulfo" - Grupo de Teatro da A.C. Cotomanguelo (Orazo).
- 21:15 h. "Dramaturxia das mulleres" - Inherente Teatro (Vigo) +12.



Domingo 2 de abril

- 19:15 h. "Misterios" - O Aturuxo de Melpómene (Narón) Infantil.

Venres 7 de abril

- 21:15 h. "Cabaret Salomé" - GN Teatro (Santiago de Compostela) TP.

Sábado 8 de abril

- 21:15 h. "O mordomo, of course" - Debullando Teatro (Negreira) +7.

O prezo por sesión será de 3 euros.

A ASOCIACIÓN BERENGUELA POLA IGUALDADE CONTINÚA O PROGRAMA FORMÁNDONOS IGUALMENTE

igualmente formándonos
para ti

Para coidarte 2 sesións gratuitas de 4 horas
Espazo de formación con obradoiros temáticos
Vedra- casa do antigo xulgado e saída especial

en Abril mímate!

1 día ás 10 h. Obradoiro de sexualidade!
8 día ás 10 h. como aplicarte ás novas tecnoloxías

29 día saída ao **Balneario da Brea**
Visitas entorno:
- mosteiro de Carboeiro
- fervenza da Toxa

Circuito termal no Balneario e Obradoiro de Masaxes
Consulta promocións e prezos especiais***

para xente de a pé

Inscripcións e +info: 981814691
antes do xoves anterior a cada xornada.

Organiza:



Colabora:



III CONCURSO SERÁN DAS LETRAS DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ A Asociación Cultural San Campio propón unha nova edición deste concurso no que se busca a orixinalidade e o compromiso coa nosa lingua.

Bases e prazos de participación: Podes consultar as bases deste concurso na páxina web do concello. Lembra que podes presentar os teus debuxos, relatos ou poesías ata o 12 de maio no departamento de cultura do concello de Vedra. A entrega de premios deste concurso será o 19 de maio na Taberna do Ferrador. Máis información e consultas no tel. 981 814 691.

XVII EDICIÓN DA EXALTACIÓN DA FESTA DO VIÑO DA ULLA. O domingo 9 de abril

■ A comisión de festexos de San Miguel de Sarandón convídate a participar desta cita ineludible no calendario festeiro!!

Coma cada ano esta festa significará:

- cultura do viño, posta en valor da tradición... e tamén moita, moita festa!!



FESTA NA HONRA A SAN ANTONIO EN SAN PEDRO DE VILANOVA

■ **Data:** o sábado 22 de abril.
Con misa cantada e sesión vermú.





AO CLUB DE DEBATE DO CPI PLURILINGÜE DE VEDRA

■ Pola súa victoria na fase de zona da Liga Galega de Debate que se celebrou no pasado mes de marzo no Pazo da Cultura de Carballo. Os debates estiveron centrados no tema de actualidade **“Os deberes escolares son convenientes para a educación”**. Durante todo o día realizaron distintos debates ata o final entre dous equipos gañadores que se clasifican para a fase final a celebrar no mes de maio. O colexio de Vedra participou con dous equipos de cinco alumnos/as cada un: **Lucía Fernández, Darío Balado, Abril García, Ana Campos, Luzía Mendez** por un lado, e **David Freire, María Vales, Cristina Santaya, Silvia Ferro e Milagros Angueira** por outro, sendo este último o que resultou gañador. O responsable da preparación dos grupos foi o profesor de lingua castelá **Marcos Taracido**.

O centro participou invitado polo Equipo de Dinamización Lingüística do concello de Teo e contou coa colaboración do concello de Vedra.



AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Polo seu histórico debut na primeira división da liga nacional de clubes de duatlón, disputado en Boiro e nos campionatos de España de duatlón contrareloxo e duatlón por relevos, que eran ademais as dúas primeiras xornadas da liga nacional de duatlón.

O Olímpico de Vedra logrou o ascenso neste 2017 logo da ampliación das divisións de 10 a 15 equipos, sendo xunto co Cidade de Lugo Fluvial, o único clube galego con representación masculina e feminina. Despois de disputar as dúas primeiras xornadas, o club vedrés ocupa a 11ª posición na categoría feminina e a 13ª na masculina.

Participación das categorías menores no campionato de España de duatlón contrareloxo e relevos en Boiro. Tamén en Boiro estiveron representadas as categorías menores do club Olímpico de Vedra, tanto co equipo masculino coma co feminino. No campionato de contrareloxo o equipo masculino logrou a 14ª posición, mentres que o feminino a 23ª. Xa no campionato por relevos o equipo masculino clasificaba na 19ª posición e o feminino na 31ª.

Medallas autonómicas no atletismo no Pazo dos Deportes de Riazor no campionato galego de atletismo en pista cuberta, onde dúas representantes do club

acadaban sendas medallas de prata. Manuela Raviña, cun gran salto de 4,53 proclamábase subcampioa galega infantil de salto de lonxitude, mentres que Carla Pérez, tamén cunha excelente marca, ao completar os 500 metros lisos en 1 minuto 27 segundos, facía o propio nesa modalidade.

Victoria no duatlón de Santiago

Novo podio para o equipo absoluto masculino do Olímpico de Vedra, no Duatlón Cidade de Santiago.

En abril celebrábase o campionato galego de Duatlón no que o Olímpico de Vedra xa ten clasificados a 18 deportistas (8 homes e 10 mulleres).



Carla Pérez subcampioa galega de 500 metros lisos.



Manuela Raviña subcampioa galega de salto de lonxitude.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.